



## Concello de Xermade

María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade (Lugo)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria celebrada o 27/03/2020 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

### “2º. Contratacións administrativas.

#### 2.1. Modificación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Xermade. Expte. 173/2020.

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 26 de marzo de 2020, que se transcribe literalmente:

#### “PROPOSTA DE ACORDO

#### Asunto: Modificación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Xermade. Expte. 173/2020.

Visto o expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar, aprobado polo Pleno do Concello de Xermade na sesión extraordinaria celebrada o 23 de maio de 2019. O anuncio de licitación foi enviado ao DOUE o 24/05/2019 e publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 26/05/2019.

Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión do 06/08/2019 adjudicouse á empresa People Plus Innovation S.L.U. (CIF B64907975), o contrato do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Xermade, por importe de 2.532.164,20 euros (base: 2.420.876,16 euros e IVE: 111.288,04 euros), cunha duración de 4 anos, consonte á oferta presentada:

#### 1.- OFERTA ECONÓMICA:

Prezo hora SAF BÁSICO sen IVE 13,94€/hora, IVE aplicable 10%, importe IVE 1,39€/hora. Prezo IVE engadido 15,34€/hora

Prezo hora SAF DEPENDENCIA sen IVE 13,94€/hora, IVE aplicable 4%, importe IVE 0,56€/hora. Prezo IVE engadido 14,50€/hora

#### 2.- MELLORAS:

-Bolsa de horas gratuitas anuais de libre disposición para o concello: 600 horas anuais

-Servizo de préstamo de axudas técnicas:

| Grupo de axudas técnicas      | Características técnicas | Unidades ofertadas/ano |
|-------------------------------|--------------------------|------------------------|
| Grúas de mobilización persoal | Segundo oferta           | 10                     |
| Camas articuladas             | Segundo oferta           | 10                     |
| Sillas-bañera                 | Segundo oferta           | Non se especifica      |

O contrato formalizouse en documento administrativo o 30/08/2019, iniciándose a prestación o 01/09/2019.

As modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno na sesión extraordinaria celebrada o 23 de maio de 2019 son as que se indican na cláusula vixésimo sexta:

#### 26. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

*Procederán nos casos previstos na lexislación contractual, sempre que teñan relación co obxecto do contrato e sirvan ó cumprimento do seu fin. A modificación deste contrato suxeitarase ó disposto no artigo 203 e seguintes da LCSP.*

*O número de horas sinaladas na cláusula 5ª son unha estimación, polo que no caso de que sexa necesario un aumento do número de horas de prestación do servizo derivado da aplicación da Lei de Dependencia, o Concello poderá modificar (previa tramitación do expediente que acredite dispoñibilidade orzamentaria) – ao abeiro do artigo 203 da LCSP- o contrato, incrementando o número de horas de atención, cuxo custo máximo non poderá superar o 20% do prezo de licitación deste contrato excluído o IVE.*

*Tendo en conta que a estimación do custe do SAF dependencia é de 2.736.720,00€ (547.344,00€ x 5 anos), o importe*

Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027





## Concello de Xermade

da modificación non pode superar os 547.344,00€.

Así mesmo, e dado que o número de horas do contrato son unha estimación, pode acontecer que o número de horas efectivas sexa inferior ó número de horas estimadas. Neste caso o contratista só terá dereito a percibir o custe das horas efectivamente realizadas, pero nos casos nos que esta redución supoña unha estimación anual de horas inferior ó 20 % poderá instar a resolución do contrato.

Por Decreto da Alcaldía núm. 105/2020 de data 17/03/2020 iniciáronse os trámites para a modificación do contrato, por mor do incremento de 695 horas mensuais de SAF dependencia concedidas pola Consellería de Política Social.

Tendo en conta que se lle dou traslado á adxudicataria do expediente de modificación contractual, achegando esta escrito de conformidade o 23/03/2020 con rexistro nº 2020-E-RE-108.

En data 26/03/2020 People Plus Innovation S.L.U. achegou aval bancario da entidade Banco Santander inscrito no Rexistro Especial de Avais con n.º 0049-5707-76-2110000457 por importe de 19.861,01 euros.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal o 26/03/2020 de fiscalización previa da fase AD, en sentido favorable.

O presente acordo adóptase por delegación de competencias do Pleno da Corporación, acordado na sesión extraordinaria celebrada o 15 de xullo de 2019.

Examinada a documentación que se acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de modificación do contrato do Servizo de Axuda no Fogar por aumento de horas SAF dependencia concedidas pola Consellería de Política Social, consistente no incremento de 695 horas mensuais de SAF dependencia, consonte á seguinte táboa:

| Ano  | Incremento horas/mes | Incremento horas/ano | Prezo/h sen IVE | Prezo/h con IVE | Importe ano sen IVE | Importe ano con IVE |
|------|----------------------|----------------------|-----------------|-----------------|---------------------|---------------------|
| 2020 | 695                  | 6.255                | 13,94€          | 14,50€          | 87.194,70€          | 90.697,50€          |
| 2021 | 695                  | 8.340                | 13,94€          | 14,50€          | 116.259,60€         | 120.930,00€         |
| 2022 | 695                  | 8.340                | 13,94€          | 14,50€          | 116.259,60€         | 120.930,00€         |
| 2023 | 695                  | 5.560                | 13,94€          | 14,50€          | 77.506,40€          | 80.620,00€          |

Previsión inicio modificación: 01/04/2020

Data fin contrato: 31/08/2023

Importe total modificación sen IVE: 397.220,30 euros

Importe total modificación con IVE: 413.177,50 euros

Importe garantía complementaria (5%): 19.861,01 euros

Segundo.- Aprobar e dispor a cantidade de 90.967,50 euros á que ascende o incremento do prezo do contrato que require de modificación para o exercicio 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 231.227.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

Cuarto.- Notificar a People Plus Innovation S.L., adxudicatario do contrato, o presente acordo, e citarlle para a formalización da modificación do contrato que terá lugar o 31 de marzo de 2020.

Quinto.- Publicar un anuncio de modificación no perfil do contratante no prazo de cinco (5) días dende a aprobación da modificación, que se acompañará das alegacións do contratista e de todos os informes obrantes no procedemento; ao tratarse dun contrato suxeito a regulación

## Concello de Xermade

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: JL5YEEN2NPX24FQLYL43E6ZC | Corrección: <https://concello.xermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



## Concello de Xermade

---

harmonizada, deberase publicar un anuncio no DOUE, que deberá conter a información que o Anexo III da Lei preceptúa para este tipo de anuncios.

Sexto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Xermade, a 26 de marzo de 2020.

O alcalde

Roberto García Pernas

(documento asinado dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

E para que conste, coa salvidade prevista no artigo 206 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais expido a presente certificación, en Xermade, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Don Roberto García Pernas, na data indicada á marxe.

A secretaria-interventora

Visto e praxe,

O alcalde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

---

**Concello de Xermade**

Plaza do Concello s/n, Xermade. 27833 (Lugo). Tfno. 982501001. Fax: 982501027



Cod. Validación: JL5YEEN2NPX24FQLJYL43E6ZC | Corrección: <https://concello.xermade.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3